



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Deputación Permanente
Número 5

Sesión da Deputación Permanente
29 de xullo de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG4ISm68K5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único. Solicitud de convocatoria dunha sesión extraordinaria por parte dos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e de En Marea, coa seguinte orde do día:

—Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta do nomeamento da señora Corina Porro como delegada da Xunta de Galicia en Vigo



SUMARIO

Ábrese a sesión á unha e dous minutos da tarde

Logo de abrir a sesión, o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa que comprobe a asistencia. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Blanco Rodríguez) le a relación dos membros da Deputación Permanente, que van confirmando a súa asistencia ou, se é o caso, informando das substitucións. Finalizada a comprobación, comúncalle ao señor presidente a existencia de quórum. (Páx. 4.)

Solicitud dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e de En Marea para a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno coa seguinte orde do día:

—Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta do nomeamento da señora Corina Porro como delegada da Xunta de Galicia en Vigo

O señor presidente procede a informar sobre a ordenación do debate e os tempos de intervención dos grupos. (Páx. 5.)

Rolda dos grupos proponentes: Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 5.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 7.)

Rolda dos grupos non proponentes: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 8.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 9.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 10.)

Rolda de réplica dos grupos proponentes: Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 13.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 14.)

Votación da solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario coa orde do día composta por un único punto, a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta do nomeamento da señora Corina Porro como delegada da Xunta de Galicia en Vigo (doc. núm. 52604): rexeitada por 8 votos a favor, 12 votos en contra e 2 abstencións. (Páx. 15.)

Remata a sesión á unha e trinta e dous minutos da tarde.



Ábrese a sesión á unha e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Abrimos esta sesión da Deputación Permanente, e, en primeiro lugar, prégolle á secretaria, señora Blanco, que comprobe a asistencia.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Luís Manuel Álvarez Martínez: Si.

Raquel Arias Rodríguez: Si.

Moisés Blanco Paradelo: Si.

Francisco José Conde López (*Substituído por Sandra Vázquez Domínguez.*)

María de los Ángeles Cuña Bóveda: Si.

Xoaquín María Fernández Leiceaga: Si.

Beatriz Mato Otero: Si.

Alberto Núñez Feijóo (*Substituído por Marta Rodríguez Arias.*)

Ana Belén Pontón Mondelo (*Substituída por María Montserrat Prado Cores.*)

Paula Prado del Río: Si.

Pedro Puy Fraga: Si.

Olalla Rodil Fernández: Si.

Cristina Isabel Romero Fernández: Si.

Alfonso Rueda Valenzuela (*Substituído por Alberto Pazos Couñago.*)

Antón Sánchez García: Si.

Carmen Santos Queiruga: Si.

Miguel Tellado Filgueira: Si.

Patricia Vilán Lorenzo: Si.

Luís Villares Naveira: Si.

Miguel Ángel Santalices Vieira: Si.

Diego Calvo Pouso: Si.

Noela Blanco Rodríguez: Si.

Hai quórum, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O punto único é a solicitude do Grupo Parlamentario Socialista e do de En Marea para a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno coa seguinte orde do día: comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta do nomeamento da señora Corina Porro como delegada da Xunta de Galicia en Vigo.



Solicitud dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e de En Marea para a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno coa seguinte orde do día:

—Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta do nomeamento da señora Corina Porro como delegada da Xunta de Galicia en Vigo

O señor **PRESIDENTE**: A ordenación do debate consiste nunha rolda dos grupos parlamentarios propoñentes por un tempo de dez minutos, que van compartir. Son cinco minutos cada un deles. E haberá unha rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes para o seu posicionamento por un tempo de dez minutos. E, por último, haberá unha rolda de peche dos grupos propoñentes, de cinco minutos compartidos —dous minutos e medio cada un—. E, por último, votamos.

Comezamos, polo tanto, coa rolda dos grupos propoñentes.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

O señor **SÁNCHEZ GARCÍA**: Bos días.

A ver se me dá tempo en cinco minutos. Quería facer unha cronoloxía dos feitos.

O 26 de maio o Partido Popular sofre unha derrota nas eleccións municipais ao Concello de Vigo. Elena Muñoz, ex-conselleira de Economía e enviada persoalmente por Feijóo coa misión de conquistar Vigo no 2015 naquela operación, con Jesús Vázquez para Ourense, Rei Varela para Ferrol e Agustín Hernández para Compostela, tan exitosa, consegue en Vigo os resultados máis baixos do PP en moitos anos. Dimite e é recolocada no Senado xunto con Jesús Vázquez, ex-conselleiro de Educación e Cultura, a onde chegou do Congreso dos Deputados e de onde foi enviado por Feijóo ao Concello de Ourense. E onde, despois de catro anos para esquecer, sofre en carne propia a decisión de utilizar o Concello como moeda de cambio para conservar a Deputación de Ourense para o señor Baltar, pactando co antes detestable Jácome para que este fose alcalde a cambio de que a Deputación quedase en mans do Partido Popular e que Democracia Ourensana non se presentase ás vindeiras autonómicas. Elena Muñoz dimite como concelleira, xunto co resto do grupo municipal, e como presidenta do Partido Popular de Vigo.

Corina Porro, ex-alcaldesa, ex-presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo, ex-directora xeral de Servizos Sociais, ex-conselleira de Asuntos Sociais, ex-vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, ex-senadora, ex-deputada do Parlamento Galego, ex-presidenta da Zona Franca e agora ex-presidenta do Consello Económico e Social —vou respirar— é nomeada presidenta da xestora co cargo de reflatar o Partido Popular de Vigo para regalarlle unha boa plataforma e posición para traballar para o Partido Popular en Vigo e recolocala —xa se sabe que os amantes do libre mercado lle teñen unha paradóxica querencia ao salario público— como delegada da Xunta de Galicia en Vigo, onde substitúe a Ignacio López Chaves, ex-deputado no Parlamento Galego, ex-concelleiro en Vigo —onde coincidiu no goberno municipal con Corina Porro cando esta foi alcaldesa—, ex-presidente da Autoridade Portuaria de Vigo —onde substituíu precisamente a Corina Porro para que esta se colocase no Consello



Económico e Social en 2011. Como Ignacio López Chaves tamén é un fervoroso amante do libre mercado, búscanlle acomodo nun cargo para o que por suposto ten moitas aptitudes. E vai para a Comisión Galega da Competencia, onde é nomeado no mesmo acto no que se substitúe a responsabilidade da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral —que é curioso—, a Alfonso Marnotes, que foi vicesecretario xeral da Consellería de Economía e Industria e que sae con destino a Vigo para ser portavoz municipal do decapitado grupo.

Veremos como remata esta cascada enmarañada de recolocacións, pero para pechar o círculo, Pilar Rojo —ex-deputada do Parlamento Galego, ex-conselleira de Familia, Mocidade, Cooperación e Deporte, ex-presidenta do Parlamento Galego, ex-deputada do Congreso dos Deputados e candidata a senadora que non conseguiu posto, que non foi designada senadora autonómica porque había *overbooking*— soa como futurible presidenta do Consello Económico e Social.

E en todos estes movementos, dunha parte moi pequena desa axencia de colocacións do Partido Popular utilizando as institucións públicas, pois é unha das moitas nas que en ningún caso hai motivación de interese público para os seus nomeamentos. Detrás de todos estes movementos hai intereses de partido, intereses persoais, pero en ningún caso se explican estas decisións con argumentos para mellorar a xestión de cada unha das responsabilidades nomeadas.

Leo o que hai pouco escribía o xornalista Julián Rodríguez sobre o nomeamento de Ignacio López Chaves para a Comisión Galega da Competencia: *«Una presidencia en Competencia que suena a recolocación. Tiene apellido de torero, y algo más que un capote le va a hacer falta para lidiar con todo lo que tiene por delante si realmente de lo que se trata es de dotar de verdadera entidad a la Comisión Gallega de la Competencia, un organismo venido a menos en los últimos años, y no por culpa en exclusiva de su presidente saliente, Francisco Hernández. El nombramiento de Ignacio López Chaves como presidente de la Comisión Gallega de la Competencia suena a recolocación tras haber dejado el puesto de delegado de la Xunta en Vigo a Corina Porro. Antes, López Chaves también se hizo a un lado en el puerto vigués para que López Veiga se hiciera con las riendas. Los sacrificios se pagan. Lástima que sea una incógnita su proyecto para uno de los órganos que deberían ser determinantes para evitar abusos de mercado y luchar contra la impunidad de los lobbies también en Galicia»*. Así de sinxelo.

Claro, o presidente da Xunta de Galicia ten todo o dereito a nomear os cargos que considere, pero o que nós demandamos é respecto ás institucións para que se traballe de xeito que non haxa nada máis por riba que as responsabilidades que se asumen. Porque nesas institucións representase toda a cidadanía e non só os votantes ou os militantes do Partido Popular. O Partido Popular confunde moi a menudo as institucións co partido e manéxase en función dos seus intereses, como mostran os dez anos do señor Feijóo.

Temos dereito a que o señor Feijóo aclare no Pleno se os nomeamentos son debidos ás aptitudes desas persoas para as súas responsabilidades. Polo tanto, se se produce esa substitución por algún motivo na xestión desa responsabilidade, deberíamos coñecer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...a que son debidos eses cambios, e por iso pedimos a súa comparecencia. O desprestixio das institucións, a banalización dos nomeamentos, é xa insoporable, como temos visto tamén na situación da valedora do pobo. Por iso demandamos o que cremos que é de xustiza, que o señor Feijóo compareza para explicar todas estas cuestións.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día a todos e a todas.

Eu creo que a cuestión de fondo está esbozada. Para nós é o uso partidista das institucións públicas; en concreto, o uso da Xunta de Galicia para solucionar neste caso un problema de partido. Hai un cesamento, unha renuncia e dous nomeamentos.

O cesamento do señor López Chaves —multifuncional, como se explicou antes— non é porque existan problemas na administración da Xunta de Galicia en Vigo. E claro que hai. Hai problemas, por exemplo, coa tramitación das axudas da dependencia e outros. Non é cesado tampouco porque existan problemas nas relacións institucionais en Vigo, que tamén hai. Pero non é por isto. Césase en realidade porque os resultados das eleccións xerais, autonómicas e municipais no concello de Vigo —onde, por exemplo, nas eleccións xerais o Partido Popular é a terceira forza política— pois indican que hai un problema serio de partido e quéreselle dar solución institucional desde o aparello da Xunta de Galicia.

Hai unha renuncia, a da señora Porro como presidenta do CES. E eu quero facer un recoñecemento da súa traxectoria como presidenta do CES, porque soubo consensuar, soubo deixar facer; e incluso un recoñecemento ao seu cesamento, porque para non comprometer a autonomía do organismo deixa un posto que é incompatible xustamente coa súa situación de presidenta da xestora en Vigo.

E hai dous nomeamentos. O primeiro é o do propio López Chaves —ao que antes se aludiu— como presidente da Comisión Galega da Competencia, que é un organismo desvalorizado pero un organismo imprescindible e que debe reforzar o seu papel. É nomeado presidente do Consello Galego da Competencia, podemos dicir, pola súa incompetencia política en Vigo pero non tanto porque teña ningún perfil profesional que o acredite para ese posto. Porque, de acordo co artigo 19.1 da Lei 1/2011, hai que acreditar experiencia e capacidade profesional xustamente nese ámbito, cousa que eu creo que non ten. É un premio de consolación, unha compensación polo cesamento que, en fin, volve incidir no uso da Xunta de Galicia como unha forma de resolver problemas partidarios.

E hai un segundo nomeamento, que é o da señora Porro como delegada da Xunta de Galicia en Vigo. Non vou volver á cronoloxía, pero en todo caso indica ben ás claras o que está pasando. O Partido Popular, o señor Feijóo como presidente da Xunta, ten todo o dereito do mundo a nomear como presidente da xestora a quen desexe. E ten tamén todo o dereito,



dentro dos límites legais, a nomear a súa delegada en Vigo; en concreto, a señora Porro. O problema é a evidencia de que se nomea a señora Porro como delegada en Vigo para dotar de contido o seu nomeamento previo como presidenta da xestora. E isto é o que nos preocupa e o que queremos que explique o señor Feijóo a través do Pleno do Parlamento: se se están instrumentalizando politicamente institucións autonómicas, se se quere resolver un problema partidario ou se o que se quere é realmente preparar as eleccións autonómicas desde a Xunta de Galicia, o cal non é de recibo porque é distorsionar a competencia electoral e desvalorizar as institucións.

¿Trátase de darlle á señora Porro visibilidade, plataforma, medios, presenza, poder institucional ou trátase doutra cousa? ¿Trátase de mellorar a eficacia da acción administrativa da Xunta de Galicia en Vigo, que para iso están os delegados? ¿É disto do que estamos falando? ¿Vostedes están seguros de que é así? ¿Trátase de velar polo emprego eficaz dos medios da Xunta de Galicia no territorio, que é o que teñen que facer os delegados? ¿Trátase de facilitar a coordinación con outras institucións, locais e provinciais, que para isto é para o que serven os delegados territoriais? ¿Trátase disto? ¿Trátase xustamente disto? ¿Poden dicirmo con claridade? Non, do que se trata é de darlle á presidenta da xestora do Partido Popular en Vigo medios para combater máis eficazmente o Concello de Vigo e a Deputación, e para impulsar o Partido Popular en Vigo utilizando as capacidades que ten a Xunta de Galicia no territorio. E esta é a cuestión de fondo. E isto é o que quixeríamos discutir no Pleno do Parlamento a través da comparecencia do señor Feijóo: como se usa, nunha etapa previa ás eleccións autonómicas, a Xunta de Galicia para solucionar un problema de partido, como se usa unha institución de carácter autonómico para incidir na competición política, neste caso no ámbito territorial da Delegación da Xunta en Vigo.

Moitas grazas.

O **señor PRESIDENTE**: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Rolda de grupos non proponentes.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O **señor VILLARES NAVEIRA**: Bos días e moitas grazas, señor presidente.

Desde este grupo compartimos os motivos que foron aducidos polos grupos proponentes; polo tanto, adherímonos a eses motivos.

Evidentemente, a proposta é completamente legal, xa se dixo aquí. Polo tanto, só faltaba que non puidese exercer o Goberno o dereito de realizar este nomeamento. Pero si que compartimos unha idea, unha reflexión, e é a de distinguir a potestade discrecional da arbitrariedade. Unha cousa é a capacidade para escoller entre distintas persoas e o momento en función do que se considera oportuno, a propia oportunidade do momento mesmo e a confianza que teñan en cada unha das persoas que van desenvolver mellor —seguramente a criterio do presidente— esas funcións, e outra cousa é a arbitrariedade.



Entón, a función que nos corresponde aquí, na Cámara, é o control dese bo uso da potestade discrecional que ten o propio Goberno galego. E por iso pensamos que a mellor forma de facelo pois é dándolle opción a que se explique. Polo tanto, estamos seguros de que esa explicación será convincente e que non terá nada que ver con todas as especulacións que foron anunciadas aquí. Polo tanto, mellor é que teña capacidade e oportunidade de facelo.

Nós pensamos que o contrario sería a sombra de dúbida que se estende sobre esa situación, que é o uso arbitrario para fins non queridos polo propio ordenamento cando se dá esa capacidade, que son fins que non teñen nada que ver co interese xeral á hora do establecemento e do nomeamento dunha persoa con ese perfil e para esas funcións precisamente agora; discrecionalidade e arbitrariedade. Da maioría popular dependerá que nós creamos que sexa unha cousa ou outra.

Grazas.

O **señor PRESIDENTE**: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A **señora RODIL FERNÁNDEZ**: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu vou ser clara e rápida. Nós cremos —sinceramente o digo— que a Deputación Permanente está para que falemos e que se debata sobre os problemas que teñen as galegas e os galegos, vivan en Vigo ou en calquera cidade, e non para reproducir o pim, pam, pum ao que nos teñen bastante acostumadas xa o presidente da Xunta e o alcalde de Vigo. Desde o BNG, neste sentido, xa lles digo que non imos apoiar a proposta e que imos absternos na votación.

A razón é evidente. Vamos ver, o problema de Vigo non é a persoa que se nomee delegada da Xunta na cidade. ¿Alguén pensa, de verdade, ao cambiar un acólito por outro, que é menos político e máis válido desde ese punto de vista o señor Balseiro en Lugo que a señora Corina Porro en Vigo? É dicir, ¿alguén cre de verdade que os problemas que ten a cidade de Vigo dependen da señora que sexa nomeada delegada da Xunta? ¿Ou será —como cre o BNG— que o problema da cidade, o problema que teñen as viguesas e os vigueses, é a política que desenvolve o Partido Popular e Alberto Núñez Feijóo na cidade de Vigo, ou en calquera outra cidade ou lugar do noso país?

Eu insisto en que cremos que a Deputación Permanente —que ademais é un órgano que ten unhas funcionalidades e unhas características tamén moi concretas—, polo período no que nos atopamos, no que non se pode converter é nunha pelexa de galos. Dígollelo con franqueza, con honestidade e con sinceridade, é unha confrontación permanente que é estéril absolutamente para as veciñas e os veciños de Vigo. Porque non serve, ou non vai servir, en absoluto para resolver os problemas que teñen as veciñas e os veciños de Vigo, que son moitos, como tamén os que teñen as veciñas e os veciños de calquera outro lugar do país. Iso non vai servir para desbloquear a área metropolitana, non vai servir, por exemplo, para de-



señar o novo mapa e a nova zonificación escolar, para construír o instituto que fai falta no barrio de Navia, nin vai servir para poñer, por exemplo, solucións reais e concretas a problemas nos servizos públicos, como pode ser a sanidade, nesta cidade —iso por citar simplemente algúns—.

Converter isto nunha pelexa de galos, traer ao Parlamento de Galiza o pim, pam, pum ao que nos teñen moi mal acostumadas tanto o presidente da Xunta como o alcalde de Vigo, entendemos, desde o BNG, que non vai contribuír a solucionar os problemas que ten a veciñanza. E esta Deputación Permanente está para outras cousas.

Por iso —e tampouco me estendo máis— non imos apoiar a proposta. Absterémonos na votación.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Si, moitas grazas, señor presidente.

Eu, ao fío do que acabamos de escoitar da portavoz do Bloque Nacionalista Galego, pois quero salientar que é verdade que estamos ante unha petición completamente atípica e completamente desproporcionada. Efectivamente, a Deputación Permanente e a súa capacidade de convocar un pleno extraordinario está para cando hai unha urxencia ou un problema o suficientemente grave como para que se reúna o Pleno da Cámara, e non, desde logo, para exercitar cuestións que poden perfectamente facerse noutro momento, cando está o Pleno en funcións ordinarias, dentro das capacidades de control da Administración. Nós estamos certamente sorprendidos.

Porque, se se quere un pleno extraordinario para explicar un nomeamento, habería que ver se hai algo excepcional, ou se hai algo contradictorio que motive esta alarma e esta preocupación que se esta a introducir simplemente traendo aquí este debate.

Poderíamos pensar que hai un problema formal, pero mesmo os que acaban de intervir dixeron que non se incumpriu ningunha das normas. O nomeamento —digamos— dos altos cargos, como saben vostedes pola Lei da Xunta e do seu presidente, é unha competencia moi clara do Consello da Xunta, do presidente e do Consello da Xunta. E a capacidade de coordinación e de dirección da actividade política do Goberno corresponde aos altos cargos. E, como é normal e natural, as persoas que ocupan os altos cargos, é dicir, os postos de dirección política dentro da Administración, adoitan ser persoas de confianza de quen os nomea. O atípico sería que houbose outro tipo de persoa que non concitase a confianza do Consello da Xunta para dirixir unha dirección xeral, ou para dirixir unha delegación territorial da Xunta —que teñen o mesmo rango de dirección xeral e que, polo tanto, forman parte dos nomeamentos políticos que fai o Consello da Xunta—. Son nomeamentos que se fan con base na confianza e, como tamén se dixo, con base na discrecionalidade. Polo tanto, este nomea-



mento, desde o punto de vista formal, parécenos que é perfectamente axeitado a dereito, como se ten feito ao longo do tempo.

Hai unha segunda posibilidade, e é que a persoa elixida para o posto non cumpra uns mínimos requisitos, ou sexa unha persoa inhabilitada, que estea incapacitada ou que sexa inapropiada por algún motivo. Pero certamente tampouco é o caso. Non é o caso, porque o portavoz de En Marea tivo a ben recordarnos a longa experiencia da señora Porro á fronte da Administración —por certo, deixando un magnífico recordo en todos os lugares polos que pasou, como tamén recoñeceu, cousa que eu agradezo, o portavoz socialista respecto do CES—. Polo tanto, hai un vello principio en dereito que di que quen pode o máis pode o menos, e quen dirixiu unha consellaría, quen dirixiu o CES, quen foi todas estas cousas, suponse que está perfectamente capacitada para algo que dentro da Administración digamos que é unha tarefa menor, como pode ser dirixir unha delegación territorial.

¿Coñecemento do terreo? Bueno, pois tamén se recordou aquí no currículo. Quen foi alcaldesa, concelleira, presidenta do Porto, exerceu distintas actividades e foi representante varias veces pola circunscrición é unha persoa que coñece perfectamente o territorio e os problemas aos que se ten que enfrontar.

Ademais, a señora Porro ten amosado ao longo de toda a súa vida unha clara vontade de servizo público e dedicación ao público, do que dá mostra o feito de que renuncia a un posto —digamos— de rango institucional maior, incluso mellor retribuído —falouse de cartos— que o posto de delegada territorial. E dá con isto precisamente unha nova mostra da súa capacidade de entrega ao servizo público.

Ademais, ten algo que demostrou, por exemplo, no CES, así como na Consellería de Asuntos Sociais. Ten algo que é moi importante para un posto que ten, entre outras cousas, o labor de coordinación, tanto interna —dos servizos da Xunta— como externa —coas demais administracións públicas—, que é un talante claramente dialogante, un talante cooperativo. A mellor proba diso é a propia recepción ou aceptación pola sociedade viguesa, cun caso único de participación diante da súa toma de posesión, unha toma de posesión á que, por certo —posiblemente para mostrar a importancia que ten a cooperación entre institucións—, unicamente faltaron o alcalde da cidade principal da área metropolitana e a presidenta da Deputación de Pontevedra.

Poderíamos pensar, se non hai caso formal, se non hai caso persoal, que o problema son os antecedentes e que se fai algo que non se ten feito na vida. Bueno, o certo é que, desde o punto de vista organizativo, os antecedentes eran outros ata o ano 2009. Ata o ano antes, todos os gobernos, e tamén aquel do que formaban parte aqueles que asinan esta petición de pleno extraordinario, en vez de nomear 5 delegados territoriais nomeaban 52 delegados provinciais, todos eles políticos —e eu non vou empregar a palabra que vostede dixo, «acólitos», porque eu sigo pensando que a xente que se dedica á política o fai porque cre no ben común—. De feito, hai nesta mesma sesión algúns deputados que exercitaron esa función de delegados provinciais, precisamente porque se confiaba neles. É lóxico que un conselleiro do Bloque confíe nunha persoa do Bloque para nomeala delegada provincial de industria, ou que un conselleiro do PSOE de educación pois nomee unha persoa do mundo da educación que sexa do Partido Socialista para cumprir esas funcións.



Polo tanto, os antecedentes non nos parece que sexan os máis contraditorios co nomeamento que se acaba de facer. Si é certo que agora se nomean 5 e non 52, e si é certo que con iso a Xunta aforra 6 millóns de euros ao ano. Porque esas persoas que están na dirección política son 5 en vez de ser 52, o cal inflúe nunha mellor profesionalización do que é o traballo da Administración.

Hai outros antecedentes máis inmediatos, que eu simplemente quero recordar porque teñen que ver cos solicitantes deste pleno extraordinario. Eu non sei os requisitos que fan falta para ser presidente da Zona Franca, pero digamos que é unha persoa que deixa un posto político para ocupar outro. Eu non sei que requisitos son necesarios ou implican a confianza para nomear un delegado do Goberno nunha comunidade autónoma, pero, se un ex-alcalde dun partido pode ser delegado do Goberno na Xunta, supoñemos que unha ex-alcaldesa doutro partido poderá ser delegada territorial da Xunta. Non sabemos que méritos hai que reunir para ser presidente dunha confederación hidrográfica, que é un traballo máis cualificado, para deixar un escano e ocupalo. E non sabemos tampouco que diferenza hai para que un enxeñeiro naval sexa substituído por un enxeñeiro agrícola á fronte dunha empresa pública como Navantia.

Se todos estes son os antecedentes, pois eu creo que a señora Porro non contradí, senón, ao revés, que mellora o exemplo dalgúns dos antecedentes que temos. E desde logo pon en evidencia que a organización da Xunta a nivel territorial é moito mellor.

Polo tanto, non hai un problema formal, xurídico, non hai un problema de capacidade persoal nin se fai nada contraditorio nin cos antecedentes da Xunta nin co que facían os partidos proponentes deste pleno extraordinario.

Entón estase falando de democracia, de prexuízos á democracia. Sen saír de Vigo, ao mellor o Partido Socialista pode xuntarse á demanda que puxo En Marea porque o alcalde non lle deixa facer oposición no Concello de Vigo. Iso si que é un problema para a democracia: que a oposición non teña medios para traballar.

Se é un problema de instrumentalización, eu o que preguntaría é se sempre que un cargo político exercita un posto de responsabilidade política dentro dunha administración estamos falando de instrumentalización. Porque isto si que sería unha revolución en todos os nomeamentos que hai en todas as administracións democráticas, non só de España senón do mundo. Se falamos de instrumentalización, un o que pensa é que, efectivamente, aquí o que se está facendo é un intento de instrumentalización do que é a Deputación Permanente —que, como ben se dixo, é para outras cousas— para establecer unha sombra de dúbida sobre un nomeamento que non ten nada que obxectar desde o punto de vista formal, desde o punto de vista persoal e desde o punto de vista dos antecedentes.

En definitiva, estase a facer algo, máis aló de posibles pelexas de galos, que aquí evidentemente non estamos galeando nada senón que simplemente estamos pronunciándonos sobre unha petición á que ten dereito a oposición, e pensamos que a loita política debe de ter certos límites. E un dos límites debe ser a capacidade de nomeamento de persoas de responsabilidade política polos gobernos. E outro límite posiblemente sexa o respecto á persoa, que nin



sequera ten iniciadas as súas funcións, antes de criticar o seu nomeamento, e esperar a ver como o fai.

Obviamente imos votar que non. Pero non quero rematar sen agradecerlles ao Grupo Socialista e ao Grupo de En Marea, pese a que non parece o máis axeitado traer a esta Cámara este debate, que me confirmen dúas cuestións: é tan absurda esta petición, tan estraña, tan atípica, que o único que pon evidencia é que a Xunta acertou co nomeamento da señora Porro, que vai ser unha magnífica delegada territorial da Xunta, e que vai permitir que os cidadáns de Vigo e da área metropolitana coñezan e saiban que a Xunta é a administración, con diferenza, que máis inviste en Vigo; e o segundo motivo polo que tamén quero agradecerlles a posibilidade de ter esta intervención é que, se os dous principais grupos da oposición consideran que o único e principal problema que ten Galicia no verán, cando non está reunido o Parlamento, é o nomeamento do delegado territorial da Xunta en Vigo, un nomeamento que o alcalde de Vigo considerou mesmo menor, se consideran que ese é o principal problema que ten o país, pois é evidente que o país está moitísimo mellor do que di a oposición día a día nesta Cámara.

Moitas grazas.

O **señor PRESIDENTE**: Grazas, señor Puy.

Rolda de peche dos grupos propoñentes.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

O **señor SÁNCHEZ GARCÍA**: Si, o que dixo o señor Puy non o cre de principio a fin. Pero, bueno, é o traballo que ten que facer.

A orde de factores ás veces altera o produto. E aquí o que aconteceu é que a señora Porro foi nomeada presidenta da xestora do Partido Popular para reflotar o Partido Popular de Vigo despois da súa debacle histórica. E posteriormente, para buscarlle unha plataforma con proxección para facer o traballo para o Partido Popular, noméase nun cargo público. Claro, a vostede, señor Puy, parécelle isto tan normal porque está acostumado. Xa dixo que non é contradictorio coa forma de proceder do Partido Popular, é que é o seu *modus operandi*: utilizar as institucións para traballar para o Partido Popular. Neste caso viuse moi evidentemente. Porque podía ser que fose tan boa a señora Porro que o señor Feijóo fixese o acto ese con 600 persoas antes de ser nomeada presidenta da xestora do Partido Popular para reflotar o Partido Popular en Vigo. Pero non, foi ao revés. Entón, que esta forma de proceder lle pareza normal a vostede, a min, evidentemente, non me sorprende. Do Grupo do Bloque Nacionalista Galego xa me sorprende, e estou pensando —non sei se hai a síndrome de Estocolmo— se pensan que esta forma sistemática de proceder do Partido Popular é normal, que non é importante e non afecta á democracia. Bueno, a min paréceme gravísimo. É unha das características polas que eu estou frontalmente en contra da forma de facer política do Partido Popular nos concellos, nas deputacións e na Xunta de Galicia, porque utilizan as institucións de forma partidaria.

Este é o esquema que eu fixen, con estas catro persoas, de todos os cargos que se foron intercambiando, e todo con base nos intereses do Partido Popular: ¿perdemos as municipais?,



recolocamos aquí; ¿necesitamos gañar nas municipais?, recolocamos aquí os conselleiros —os conselleiros saíron para os concellos e non foi porque o estiveran facendo ben nin mal nunha consellaría, foi porque o Partido Popular o decidiu en función dos seus intereses—.

Bueno, a nós, evidentemente, isto parécenos grave, e non nos imos meter en ningunha pelexa de galos. Non, porque nese caso diríamos que o Partido Popular siga así, utilizando as mesmas salsas para condimentar os guisos da cidade de Vigo dende hai case tres décadas. Parece que na militancia do Partido Popular de Vigo non hai electricistas, profesores, médicos, empresarios ou autónomos que poidan facer política. Sempre hai que mandar os profesionais da política que dende hai vinte e cinco anos están xestionado —e tan ben— o Partido Popular en Vigo.

Nada máis e moitas grazas.

O **señor PRESIDENTE**: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Fernández Leiceaga.

O **señor FERNÁNDEZ LEICEAGA**: Agradezo, en todo caso, o ton de todas as intervencións, e quero aclarar algunhas cousas.

En primeiro lugar, eu creo que aquel que contemple esta situación desde hai dous meses verá o que pasou; é dicir, eu creo que é evidente para todos o que pasou. E isto non nace de ningunha crise da Xunta de Galicia en Vigo. Non, non hai ningunha crise da Xunta de Galicia en Vigo. Nace da crise electoral do Partido Popular en Vigo. É dicir, é un partido que goberna en Galicia con maioría absoluta pero que en Vigo, nas eleccións municipais, saca o 18 % dos votos e que nas eleccións xerais queda por detrás da candidatura de Podemos. Esa é a razón de por que sucede isto. Todo iso non se pode ocultar, por moitas cousas que se digan. E isto é o que explica —e é lexítimo completamente— que se produza unha substitución no Partido Popular, na xestora, no grupo municipal, etc. Perfecto, non hai nada que dicir, iso é o normal. O que xa non é normal é que, ademais disto, se produza un proceso en cascada de cambios na estrutura administrativa da Xunta de Galicia que dá como consecuencia que aquela á que se lle encomenda reflotar o Partido Popular en Vigo teña, ademais, as rendas da actuación da Xunta de Galicia e das súas consellarías alí.

Por certo, claro que había delegados provinciais. E hoxe hai xefes territoriais que teñen o mesmo soldo e as mesmas funcións que os delegados provinciais, e ademais existen cinco delegados territoriais; é dicir, que se aumenta... (*Fortes murmurios.*)

O **señor PRESIDENTE**: ¡Silencio, por favor!

O **señor FERNÁNDEZ LEICEAGA**: Si, si, cinco delegados territoriais. Porque, ademais, creouse un específico para Vigo porque se sabe da súa importancia electoral.

¿Que isto non é o problema máis importante de Galicia? Efectivamente, hai outros problemas máis importantes. Pero, fíxense vostedes, resulta que se espera, para nomear a señora Porro



delegada territorial en Vigo, a facer o cambio xustamente cando o Parlamento xa ten practicamente rematado o seu período de sesións ordinario, para evitar a posibilidade de control. Isto é o que ocorre. E faise un pleno extraordinario cun tema tan importante —tan importante que suscita un pleno extraordinario— como é a aprobación da Lei de patrimonio natural, que despois de tantos anos non podía esperar ao primeiro pleno de setembro.

¡E despois vostedes acúsannos de que facemos o noso labor de control! ¡Home!, a verdade é que é bastante absurdo todo isto.

Eu remato e, en todo caso, señor presidente, a min paréceme que queda claro que é o que sucede. Lamento que por parte do BNG se asista cunha actitude de complicidade á actuación do Partido Popular nesta cuestión, porque eu creo que non é congruente coa súa tradición, coa súa experiencia e co que vén sendo a súa práctica política.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Rematado o debate, procedemos á votación da solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario.

Votación da solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario, por petición do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. de En Marea, coa seguinte orde do día:

—Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta do nomeamento da señora Corina Porro como delegada da Xunta de Galicia en Vigo

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 12; abstencións, 2.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario.

O señor PRESIDENTE: Como non hai máis temas, levántase a sesión.

Remata a sesión á unha e trinta e dous minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

